



RESOLUCIÓN DA 12ª PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS EN CENTRO OCUPACIONAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA ÁREA METROPOLITANA 1 DO MAPA GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS. NA MODALIDADE DE CONCERTO

Expediente núm.: PA 67/2009 Lote 4.1

Asunto: Resolución da prórroga do contrato. 12ª

ANTECEDENTES

1. No momento actual atópase vixente o contrato que deseguido se detalla:

Expediente	Entidade	Data Inicio contrato	Data fin contrato
PA 67/2009 Lote 4.1	ASOCIACIÓN NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO	01/12/2009	31/12/2010

2. O prazo de execución do contrato, esténdese ata o 31 de decembro de 2021.
3. Segundo o sinalado na memoria económica explicativa da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade propón a 12ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos, polo período que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.
4. No expediente consta a aceptación da prórroga proposta, nos termos que nesta resolución se recollen, asinada polo seu representante legal.
5. A Asesoría Xurídica informa favorablemente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Que a Consellería de Política Social é o departamento competente de conformidade coa habilitación que lle outorga o Decreto 216/2020, do 3 de decembro (DOG núm. 253 do 17 de decembro do 2020), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.
2. Que as necesidades que, no seu momento, motivaron a contratación, permanecen vixentes.
3. Que sendo de aplicación as previsións en materia de contratación, segundo as que o contrato de xestión de servizos públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente no prego de cláusulas administrativas particulares a súa duración e a das prórrogas de que poida ser obxecto, sen que poida exceder a súa duración do 30 de novembro de 2034.





4. Que as cláusulas administrativas particulares que rexen as contratacións, prevén unha prórroga de mutuo acordo nos termos previstos na lexislación vixente.

Vistos os antecedentes e fundamentos xurídicos citados, os preceptos legais sinalados e no uso das facultades que teño atribuídas polo artigo 1 da orde do 3 de marzo do 2016, sobre delegacións de competencias nos órganos superiores e nos xefes/as dos departamentos territoriais desta consellería (DOG nº 54, do 18/03/2016), consonte á disposición adicional 2ª do Decreto 130/2020, do 17 de setembro,

RESOLVO:

Autorizar a 12ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos, RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS EN CENTRO OCUPACIONAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA ÁREA METROPOLITANA 1 DO MAPA GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS. NA MODALIDADE DE CONCERTO, polo período que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022, de acordo co detalle seguinte:

Expediente /Lote	Tipo de prazas	Núm. prazas	Día/ Mes	Tipoloxía	Núm. días	Prezo unitario	Prezo admón	TOTAL	Data revisión	Código proxecto
PA 67/2009 L4.1	Atención diúrna ocupacional	97	Mes	Media Pensión	220	575,14	444,64	517.560,96		2006 435
PA 67/2009 L4.1	Transporte	107	Día	Media Pensión	220	9,25	8,32	195.852,80		2009 250
PA 67/2009 L4.1	Compensación transporte (Grupo I)		Día	Medidas especiais de accesibilidade	220	3,94	3,94	24.003,08		2009 250
PA 67/2009 L4.1	Compensación transporte (Grupo II)		Día	Medidas especiais de accesibilidade	220	17,39	17,39	34.509,10		2009 250

A prórroga financiarase no importe total de 771.925,94 euros, para o que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, de acordo coa seguinte desagregación orzamentaria:

- **Servizos asistenciais:** 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2006 435) 517.560,96 €
- **Servizos de transporte:** 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2009 250) 195.852,80 €
- **Servizos compensación transporte (Grupo I):** 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2009 250) 24.003,08 €
- **Servizos compensación transporte (Grupo II):** 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2009 250) 34.509,10 €

Contra a presente resolución, que esgota á vía administrativa, de acordo co artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben interpoñer o recurso potestativo, no prazo dun mes, ante o órgano de contratación.

Notifíquese a presente resolución aos interesados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A conselleira de Política Social

P.D. (Art. 1 da Orde do 03/03/2016)

A secretaria xeral técnica

